

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES COFINANCIADO CON FONDOS FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Paula María Uría Traba, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº5 (15703 Santiago de Compostela) e na súa calidade de directora, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 191/2020, do 20 de novembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e do apartado segundo do Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo do 1991 (DOG núm. 82, 30 de abril de 1991), nomeado para o dito cargo polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en relación co establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins, que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo. Entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten atribucións en materia de coordinación dos proxectos de reforma, de ampliación e de mellora das instalacións dos centros dela dependentes..

Terceiro. O financiamento deste proxecto farase con fondos comunitarios do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 nun 80%.

O Inega participa neste proxecto por tratarse de actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia encadradas na actuación 4.1.1.2 – Fomento do autoconsumo eléctrico na administración xeral da comunidade autónoma e no sector público autonómico, do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Cuarto.- As actuacións contempladas no presente convenio axustaranse en todo momento ao establecido no *Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020* e a normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, dentro da que se atopa o *Regulamento 1303/2013, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca*, que establece as normas comúns aplicables á totalidade dos fondos anteriores, denominados **Fondos Estruturais e de Investimento Europeos**.

O emprego dos fondos para cofinanciar as actuacións contempladas neste convenio tamén se axustarán á normativa específica recollida no *Regulamento 1301/2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego*.



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

Quinto.- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade está interesada en potenciar o aforro e eficiencia enerxética e o uso das enerxías renovables co obxectivo de reducir o consumo de enerxía e a factura eléctrica nos seus edificios.

Ambas as dúas partes, conscientes da necesidade de que se promovan accións relacionadas coa eficiencia e aforro enerxético e o desenvolvemento das enerxías renovables nos centros pertencentes á administración pública, e dado o interese mutuo entre as partes, acordan asinar o presente convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Inega e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar o emprego das enerxías renovables nos centros relacionados no anexo I.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a:

1. Executar as actuacións das que é obxecto este convenio e que se desenvolverán nos edificios previstos no anexo I. Trátase de actuacións en materia de enerxías renovables, en concreto na instalacións fotovoltaicas, co fin de dar servizo eléctrico a estes centros.

2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade deberá comunicar á comisión de seguimento a data de inicio do procedemento administrativo necesario para a contratación das instalacións previstas. Esta contratación poderá realizarse a través de calquera tipo contractual válido dos delimitados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. A todos os efectos entenderase como data de inicio do procedemento administrativo para a contratación dos servizos enerxéticos, a data da publicación da licitación no Diario Oficial da Unión Europea, no seu caso, ou no perfil do contratante.



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

3. Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuasen polo Inega, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, as comprobación e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e a Autoridade de Control, e, no seu caso, polos órganos de Control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Ademais, e posto que o proxecto está cofinanciado con fondos comunitarios do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, someterase as verificacións que levará a cabo a autoridade de xestión sobre a base do disposto nos apartados 4 e 5 do artigo 125 do Regulamento (UE) núm.1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas a Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se deroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (DOUE L 347 do 20.12.2013) así como ás comprobacións pertinentes dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeos.

4. Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de cinco anos unha vez rematado o proxecto, previsión que para o suposto de cofinanciamento con fondos comunitarios está recollida no artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013.

5. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de tres anos no caso de operacións cun gasto subvencionable inferior a un 1.000.000€ a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas cales estean incluídos os gastos da operación.

6. Conservar a documentación administrativa relacionada coas actuacións obxecto do presente convenio que, dada a súa natureza, lle corresponda custodiar, nos termos e prazos previstos no Regulamento (UE) núm. 1303/2013.

7. Ao tratarse duns proxectos cofinanciados con fondos estruturais da Unión Europea, en relación á publicidade do financiamento e de conformidade co previsto no anexo XII, apartado 2.2, do



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

Regulamento (UE) nº 1303/2013, e nos artigos 3 a 5 do Regulamento de Execución (UE) 821/2014 da Comisión, de 28 de xullo de 2014, o beneficiario deberá:

a. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Inega, da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional do Inega e a Xunta de Galicia e mostrando o emblema da Unión, así como unha referencia á Unión Europea, ao Feder e ao seu lema “*Unha maneira de facer Europa*”.

b. Durante a realización do proxecto, e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento, o beneficiario informará ao público do apoio obtido do Inega, da Xunta de Galicia e do Feder: a) facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoña dun, da operación, de maneira proporcional ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión. b) colocando, polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no que mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público, por exemplo na entrada dun edificio.

8. Achegar os documentos que acrediten a execución do investimento, así como os informes e demais documentos que poidan ser esixidos polo Inega.

9. Posto que o proxecto leva cofinanciación comunitaria o beneficiario acepta a súa inclusión na lista de operacións á que fai referencia o artigo 115, apartado 2, e co contido previsto no Anexo XII, do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

O Inega comprométese a:

1. Achegar noventa e nove mil oitocentos sesenta e oito euros con trece céntimos de euro (99.868,13€) na anualidade 2021 para a implantación do sistema de enerxía fotovoltaica nos centros seleccionados.

2. Achegar sesenta e seis mil cincocentos setenta e oito euros con setenta e cinco céntimos de euro (66.578,75€) na anualidade 2022 para a implantación do sistema de enerxía fotovoltaica nos centros seleccionados.

3. Asesorar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade nos aspectos técnicos e xurídicos necesarios para a licitación dun sistema de xeración eléctrica a partir de paneis fotovoltaicos que se implantará en diferentes centros co fin de dar enerxía eléctrica aos edificios.



CUARTA. FINANCIACIÓN

Nos orzamentos para os anos 2021-2022 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e do Inega, existe dispoñibilidade económica axeitada e suficiente para facer fronte as actuacións establecidas neste convenio, sendo as aportacións e as anualidades asumidas por cada unha das partes as que se reflicten no seguinte cadro:

	Achega	2021	2022	Aplicación orzamentaria
<u>Consellería de Cultura, Educación e Universidade</u>	20%	24.967,03	16.644,69	IES_10 10 422M.622.1
				CEE_10 10 422D.622.1
<u>Inega</u> Prox.Contable: 2021 00001	80%	99.868,13	66.578,75	06.A3.733A.713.0
Totales	100%	124.835,16	83.223,44	

Con carácter previo ao inicio dos expedientes de contratación, acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades que achegará a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, mediante a incorporación deste convenio formalizado e certificado de existencia e retención de crédito correspondente na aplicación dos orzamentos de gastos.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilitará ao Inega a efectos de xustificación a seguinte documentación:

- Publicación da licitación no Diario Oficial da Unión Europea ou na plataforma que fora de aplicación.
- Certificado da Secretaría Xeral da Consellería de que a adxudicación no expediente de contratación foi realizada de acordo co previsto na Lei de Contratos do Sector Público, no que ademais se reflicta o importe do investimento elixible de enerxías renovables (de xeración de electricidade) previstas no contrato.
- Unha vez rematada a obra, certificado da Secretaría Xeral da Consellería no que se establezan as condicións de execución finais do proxecto, e que reflicta o importe final do investimento elixible na implantación dos sistemas.

Ademais da documentación esixida nos apartados anteriores, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade terá a obriga de subministrar ao Inega, cando se lle requira, a



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

información necesaria para o rexistro, na aplicación Fondos Europeos 2014-2020, dos datos relativos ás actuacións subvencionadas.

2. O Inega levará a cabo a comprobación da execución dos investimentos que se realicen, debendo proceder a asignar os medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento.
3. O Inega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.
4. O Inega efectuará o libramento dos fondos á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, atendendo ás certificacións de gasto presentadas por esta.

SEXTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

A comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e por dous representantes do Inega, é o órgano de seguimento e resolución dos posibles conflitos que puidesen xurdir durante a vixencia do presente convenio.

As actuacións obxecto deste convenio e os centros nos que se van a realizar as actuacións poderanse modificar a proposta da comisión mixta de seguimento, requirindo acordo expreso das partes e tendo que formalizarse a través da correspondente addenda. Teranse que respectar, en todo caso, as contías económicas máximas das axudas e o orzamento máximo que se indica na cláusula cuarta.

A comisión de seguimento reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes desde a sinatura do presente convenio e poderá reunirse cantas veces o solicite unha das partes. En todo caso reunirse como mínimo dúas veces durante a vixencia do convenio.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- A denuncia motivada de calquera das partes formulada cunha antelación de dous meses; neste caso, a parte que materialice a denuncia unilateral do convenio asumirá os custes



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

que desta se desprendan en relación cos traballos xa executados e as indemnizacións que se poidan deducir dos expedientes de contratación tramitados.

- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.

En calquera suposto de resolución anticipada do convenio, as partes comprométese a continuoalo ata o remate das actividades en curso.

A liquidación das obrigas en caso de resolución anticipada realizarase mediante prorrateo dos custos entre as partes, ata o límite das contías económicas máximas respectivamente comprometidas polas mesmas.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e demais normativa de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, este convenio queda fóra do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, conforme recolle o artigo 4 do citado texto.

As discrepancias que poidan xurdir resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.



DÉCIMA.- VIXENCIA

A vixencia deste convenio será desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo da vixencia das obrigas derivadas de regulamentos comunitarios, podendo prorrogarse por acordo expreso das partes manifestado con anterioridade á data de súa finalización, de conformidade co disposto na letra h) do 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Continuarase coa execución, ata a súa conclusión, das actuacións que se atopen iniciadas na data de fin de vixencia do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CONCORRENCIA DE FINANCIAMENTO

O importe das cantidades recibidas polo obxecto deste convenio non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administración públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 65.11 do Regulamento (UE) 1303/2013, modificado polo Regulamento Ómnibus (2018/1046), unha operación poderá recibir axuda de un ou varios Fondos EIE ou de un ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, a condición de que o gasto declarado na solicitude de pagamento correspondente a un dos Fondos EIE non se declare para solicitar axuda de outro Fondo ou instrumento da Unión, ou axuda do mesmo Fondo no marco dun programa distinto. O importe do gasto que deberá consignarse na solicitude de pagamento dun Fondo EIE pode ser calculado para cada Fondo EIE e para o programa ou programas de que se trate a prorrata, de conformidade co documento no que se establezan as condicións da axuda.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFORMACIÓN PÚBLICA

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asumen o compromiso de se citar mutuamente como participantes do proxecto. Deste xeito deberase incluír en toda a documentación (técnica, administrativa, de promoción, difusión ou publicitaria ben sexa en soporte papel, electrónico ou audiovisual), e sobre os activos materiais dos proxectos de aforro e eficiencia enerxética e de aproveitamento de enerxías renovables, que polo tamaño, valor ou outra característica que razoablemente se considere relevante, executados con cargo aos fondos do presente convenio, segundo a lenda específica asociada ao financiamento con fondos FEDER, lenda que estará situada nun lugar destacado nos soportes



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

antes mencionados, cuns tipos de letra iguais ou superiores aos do maior tamaño dos que acompañan no mesmo texto global.

E en proba de conformidade asínase o presente convenio por triplicado exemplar na data e lugar indicados no encabezamento.

O CONSELLEIRO

A DIRECTORA

Román Rodríguez González

Paula María Uría Traba



ANEXO I

RELACIÓN DE CENTROS

CENTROS
CEE Nosa Sra. do Rosario. A Coruña
CEE María Mariño. A Coruña
CCE Terra de Ferrol. Ferrol
CEE Manuel López Navalón. Santiago
CEE A Barcia. Santiago de Compostela
CEE O Pedroso. Santiago de Compostela
CEE Santa María. Lugo
CEE Infanta Elena. Monforte de Lemos
CEE Miño. Ourense
CEE O Pino. Ourense
CEE de Panxón. Nigrán
CEE Saladino Cortizo. Vigo
CEE de Vilagarcía de Arousa
IES Ramón María Aller Ulloa. Lalín

